



O vicepresidente primeiro da Cámara Galega, José Manuel Baltar, representou ao legislativo autonómico na celebración do Día de Galicia en Asturias

## **O Parlamento de Galicia corrobora os vínculos fraternais con Asturias e augura relacións máis intensas co remate da Transcantábrica**

- **Baltar Blanco recolleu en nome de Pilar Rojo, convalecente dunha intervención, a medalla de ouro e o carné de socio de honra da Asociación do Día de Galicia en Asturias**

**Santiago, 6 de setembro de 2009.**- O vicepresidente primeiro do Parlamento de Galicia, José Manuel Baltar, reiterou hoxe en Asturias as excelentes relacións que manteñen as dúas comunidades limítrofes e augurou unha intensificación deses vínculos no futuro inmediato.

Baltar Blanco representou á Presidenta do Parlamento, Pilar Rojo, -convalecente dunha recente intervención cirúrxica- nos actos organizados hoxe en Oviedo co gallo da celebración do Día de Galicia en Asturias. Trátase dun evento organizado pola Asociación do Día de Galicia en Asturias, que se se ven celebrando, ano tras ano, desde 1996 co obxectivo de promover as relacións entre as dúas comunidades.

Na súa intervención, Baltar Blanco subliñou que “para un galego, Asturias non deixa de ser unha prolongación da súa casa, da mesma forma que Galicia reúne para tódolos asturianos connotacións fogareñas, acrecentadas polo clima, a paisaxe e os costumes comúns”.

Coincidencias que, a xuízo do orador, “poden dar lugar a estratexias comúns susceptibles de resultar beneficiosas para as dúas comunidades”.

### **Autovía Transcantábrica**

Con todo, Baltar Blanco apuntou que “se a cordialidade entre galegos e asturianos foi unha constante para as xeneracións que nos precederon, estou convencido de que estes vínculos fraternais se acrecentarán aínda máis a medida que se aproxime o remate da Autovía Transcantábrica, tan necesaria como útil, como testemuñamos cantos coñecemos o trazado sinuoso das estradas decimonónicas que, ata hai pouco, constituían os únicos enlaces entre Galicia e o Principado de Asturias”.

No acto celebrado este mediodía no Auditorio Príncipe Felipe de Oviedo, Baltar Blanco recibiu a insignia de ouro e o carné de socio de honra que a Asociación do Día de Galicia en Asturias lle outorgou á presidenta do Parlamento, Pilar Rojo. A mesma distinción foille tamén entregada ao prestigioso oftalmólogo asturiano Luis Fernández Vega.

A celebración contou coa asistencia de numerosos convidados e autoridades, entre as que figuraba o subdirector de Emigración da Xunta de Galicia, Andrés Castro Bande.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia